

As carballeiras de Santiago de Compostela

CLODIO GONZÁLEZ PÉREZ*

Torna roble, árbol patrio, a dar sombra
Cariñosa, a la escueta montaña
Donde un tiempo la gaita guerrera
Alentó de los nuestros las almas...
Rosalia de Castro («Los Robles», 1882)

Sumario

O obxectivo deste artigo é dar a coñecer as principais carballeiras de Santiago de Compostela e, ao mesmo tempo, facer un achegamento á súa historia, tendo en conta que é a cidade de Galicia con maior número destes bosques dedicados a parques públicos. O *Quercus robur* é a nosa árbore máis popular, e á súa sombra aínda agora se celebran centos de festas e antano tamén feiras de gando. Cando se fala das carballeiras compostelás xa se pensa na do outeiro de Santa Susana, pero nalgunhas das outras hai exemplares tanto ou máis lonxevos, como en particular na de San Lourenzo.

Abstract

The objective of this article is to make known the main oak groves of Santiago de Compostela and, at the same time, make an approximation to his history, taking into account that it is the city of Galicia with largest number of these forests devoted to public parks. The *Quercus robur* is our more popular tree, and in its shadow we celebrate still now hundreds of parties and yore also livestock fairs. When talking about oak groves from Compostela, we immediately think of Santa Susana hill, but in one of the others there are as much or longer lived specimens, as in particular in San Lourenzo.

Se existe algunha árbore que se identifique con Galicia e, en particular, con Compostela, esa é o carballo, o *Quercus robur*. Onde se asenta a cidade noutrora debeu ser unha mesta fraga na que os carballos sobresaírían entre os freixos, ameneiros, loureiros, sabugueiros e outras árbores que non acadan tanto porte. Neste lugar, o mítico bosque de Libredón, situaron os haxiógrafos a tumba do apóstolo Santiago a comezos do século IX, na costa que empeza no alto do castro de Solovio e remata na valgada do río Sarela. Se cadra, un antigo *lucus* dedicado á veneración dunha deidade prehistórica agora esquecida.

Non creo que haxa en Compostela un parque público ao menos sen un carballo. Por algo é a cidade galega que conta con máis carballeiras, entre as que sobresaen pola



A cidade dende a carballeira de Santa Susana (Postal, c. 1909. Colección «Sanxiao - Lodeiro»).

* Clodio González Pérez é membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, académico correspondente da Real Academia Galega e Cronista Oficial do concello de Cenlle (Ourense). Autor de varios libros, traballos de investigación e artigos xornalísticos, sobre todo de historia e etnografía.

Agradecemento: A Estefanía A. Lodeiro Paz e Fuco X. Sanxiao Otero (Colección de fotografías e postais «Sanxiao - Lodeiro»).

situación e antigüidade a do outeiro de Santa Susana e a de San Lourenzo. Mais tampouco faltan outras, algunhas pequenas pero con árbores lonxevas, das que a maioría foron ata non hai moitas décadas propiedade particular. Nas últimas décadas o Concello procurou converter a capital na poboación con máis espazos verdes de Galicia, e acadouno poñendo a disposición e lecer de propios e visitantes grandes extensións dedicadas a parques, entre os que non faltan carballeiras, ao tempo que deste xeito evitaba que o ladrillo e o cemento substituísen ás árbores.

Non faltan carballos ventureiros que medran onde caeron as landras, pero a inmensa maioría foron plantados ordenadamente segundo se destinasen a madeira ou a leña. Os primeiros sobresaen por altos e dereitos e agora xa todos dan boas trabes, mentres os segundos son baixos e grosos e cunha rodeira de pólas, malia que xa non se decoten dende hai moitos anos. Unha boa carballeira era unha regalía para a casa, non só por dispoñer de leña, senón pola que se vendía e proporcionaba algúns ingresos tan necesarios para a familia, pero ninguén facía como agora que cortan as árbores, só se podaban cada cinco ou dez anos, segundo a terra, deixándolles sempre unha póla como guía, «o pendón», para que continuasen medrando. En Santiago, como en todas as cidades, había unha praza para a leña (a actual de Rodrigo do Padrón), onde se podían mercar dende achas de carballo ata piñas para acender o lume.

Son as árbores dos campos das festas e das feiras e, en xeral, de onde se xuntan os veciños para arranxar os asuntos da comunidade ou para pasar o tempo. Foi así ata que chegou a moda de plantar nas prazas árbores alóctonas que medran antes e din que de folla máis bonita, de xeito que agora as mesmas que hai nunha vila galega tamén se poden ver, poñamos por caso, nunha andaluza. Non hai dúbida que resulta máis cómodo importar de onde sexa exemplares de crecemento rápido e xa grandeiros, para facer e desfacer xardíns cada poucos anos, que agardar a que medren os nosos.

Rexo coma un carballo, dicían os avós ao referirse a un home forte e san. Como a súa madeira que os anos converten en cerna, tan mala de cortar cando está ben seca que antes cómpre cravuñar as ferramentas. Unha árbore da que se aproveitaba todo: a madeira, a leña, a casca, as landras, a folla e ata sombra, que tradicionalmente se tiña por moi beneficiosa para a saúde.

DOUS CARBALLOS E UNHA CARBALLEIRA

O primeiro documentado é o do Preguntoiro, que se achaba na confluencia desta rúa coa praza do Campo (agora de Cervantes). Só coñezo os datos que proporciona o historiador Antonio López Ferreiro, sen dar as fontes de onde os tomou. Di que o *foro compostelán* estaba na rúa do Preguntorio (de *preconitorium*, sitio onde se dan os pregóns), e que preto, á sombra dun carballo, era onde os composteláns deliberaban os intereses públicos.

Como insire esta nova na época do arcebispo Xelmírez e afirma que a árbore desapareceu no século XVI, de ser a mesma tería, polo menos, catrocentos anos, moi seguro máis que calquera das que actualmente existen nas carballeiras compostelás¹. Se cadra era o derradeiro descendente dos que noutrora medraban na lendaria fraga de Libredón.

En 1538 documéntase outro carballo, do que tampouco se sabe nada verbo da idade e porte, só que tendo en conta que se dá como referencia, é de supoñer que fose moi vello. A mención data do 4 de xaneiro do devandito ano, en que o Concello afora a Xácome Yáñez e a súa muller María Fernández de Leis un terreo pegado á cerca da muralla para



Vista xeral do Campus Sur coa carballeira de Santa Susana á esquerda e a de San Lourenzo á dereita. Ao fondo (senalada cunha frecha) a do Paxonal (actual parque «Eugenio Granell»). (Postal, c. 1960. Colección «Sanxiao - Lodeiro»).

facer unha casa, entre a primeira torre da *Porta de Mazarelas* (agora Mazarelos) e a segunda da esquerda, constando que era onde se achaba o *carballo de Mazarelas*. Neste caso non estaba dentro como o anterior, pero case a carón do muro. Non dei con máis datos e descoñezo como nin cando desapareceu².

Non debían ser estes dous os únicos que había na cidade, pois por estes mesmos anos aínda existía unha carballeira por detrás do mosteiro de San Paio de Antealtares, da que se descoñece a extensión, polo que se cadra non eran máis que uns poucos pés. Noméase nun documento de aluguer feito polo carpinteiro Álvaro da Silva, veciño da cidade, a Rodrigo Gómez, mercador e tamén residente aquí, no que consta que lle cede a metade dunha casa e unha carballeira que tiña ao seu cargo pero que era do cóengo Rodrigo Rodríguez, pagando por todo de renda ao ano catro ducados. O feito de que se incluíse a carballeira indica que a podía explotar, decotarlle as pólas para leña³.

Existen referencias a carballos máis antigas que as dúas últimas, pero sempre se trata de exemplares situados fóra da cidade, sobre todo na saída da Porta Faxeira.

CARBALLEIRA DE SANTA SUSANA

O ano 1102, despois do «pío latrocinio» que comete en Portugal o arcebispo Xelmírez arramplando coas reliquias de Froitoso, Silvestre, Cucufate e Susana, decide depositalas na catedral, agás as da última que as manda para a igrexa do Santo Sepulcro e de Todos os Santos, situada fóra da cidade, na cima do Outeiro dos Poldros (*Auterium pullorum*), o



A carballeira de Santa Susana contra o ano 1837. (Pormenor da vista panorámica da cidade deseñada por Ramón Gil Rey, acuarela, Concello de Santiago de Compostela).

sitio onde se vendían ou criaban estes animais⁴. Non se sabe se daquela era terreo comunal ou había alguén con dereitos sobre el, nin se estaba raso ou poboado de árbores.

Cómpre avanzar varios séculos para ter as primeiras novas relacionadas coa propiedade. A comezos do século XV polo menos unha parte pertencía ao Concello, como testemuñan os foros polos que concede porcións de terra, entre os que salienta un do mes de xullo de 1417 a Martiño de Brión:

aquel terreo de heredad que esta en o Outeiro de Santa Susana [...] o cal terreo soia ser barreira da ciudad nos tempos antiguos, bai a topar de longo de parte do suxo [sur] en o camiño que bai para Padron, a da outra parte contraria bai topar eno camiño que bai para la vila de Noya...⁵

Tendo en conta a situación dos devanditos camiños, abarcaría aproximadamente dende as actuais rúas de Xoán Carlos I - Rosalía de Castro (camiño de Padrón) ata as de Poza de Bar - San Lourenzo (camiño de Noia), é dicir, toda a aba do outeiro que dá ao Campus Sur. Pero, segundo parece, non era así, pois en 1552 xa se afirma que só era o agro situado entre o camiño de Padrón e a igrexa de Santa Susana⁶.

A Corporación continúa aforando terreos nos anos sucesivos. Por exemplo: en 1510 unha parcela no monte do Outeiro de Santa Susana, e en 1542 o «agro do Outeiro», *entre el Otero de Santa Susana y las Ortas*⁷.

Nesta contorna o conde de Altamira posuía moitas propiedades, e o 5 de novembro de 1546 decide doar ao Concello o *agro heredad que esta cerca del monasterio de San Lorenzo*, que non obstante de constar ben claro que se trataba do terreo da actual carballeira deste nome, como se verá máis adiante, no século XIX os seus descendentes reclamarán a devolución de todos os bens que os devanceiros deran a este convento franciscano, entre os que tamén incluían ambas carballeiras⁸.

Non máis que poucos días despois da doazón anterior, o 26 do mesmo mes e ano, o Consistorio acorda que cada veciño das parroquias de Marrozos, Conxo e Aríns traia unha árbore (carballo, álamo ou freixo) para plantar no Campo de Santa Susana⁹. E tamén o 26 de novembro pero de 1572, dá licenza a todos os veciños da cidade para que no Outeiro de Santa Susana e nos demais baldíos, puidesen plantar carballos e *defenderles* y



Vista xeral da cidade co edificio do colexio de San Clemente de Pasantes en primeiro termo e á dereita a Porta Faxeira. (Pier Maria Baldi, 1669, Biblioteca Medicea Laurenziana de Florencia).

*guardarles y gozarles en cuanto a la rama, dejando horca, pendón y toro para la Ciudad, lo cual gozen los que los plantaren y sus herederos*¹⁰.

Os carballos continúan aparecendo na documentación, como en 1583 que o escribán Alonso Yáñez de Parapar di no testamento que ten en foro da cidade o *territorio y dehesa nueva del Campo de Sta. Susana y los carballos de la Puerta Fajeras y los de junto a la guerta de Tasende*¹¹.

A comezos do século XVII (entre 1603 e 1620), o cardeal Jerónimo del Hoyo afirma ao describir a contorna da poboación:

Las salidas desta ciudad hacia la parte de Santa Susana son apacibles; tiene un campo en parte llano y con una buena arboleda de carballos; hay en ella una carrera de caballos; en otras partes está este campo alto, pero todo prado y en todo tiempo verde¹².

E non moitos anos despois, os irmáns Juan e Pedro Fernández de Boán afirman que había árbores (non din de cales), e que neste campo era onde se celebraba a *solemnísima feria* da festa do Apóstolo dende o 25 de xullo ata o 9 de agosto, mentres que o mercado semanal era dentro da cidade¹³.

O ano 1669 estivo aquí de visita Cosme III de Médici con todo o seu séquito, entre o que se contaba o debuxante Pier Maria Baldi, que captou unha vista xeral da poboación tomada dende a actual Alameda, daquela terreo inculto e supoñemos que comunal no que só había algunhas árbores que, consonte como as representa, o máis seguro é que fosen carballos, algúns altos (para madeira) e outros baixos e cunha rodeira de pólas (para leña).

A construción da capela do Pilar en 1717 no camiño de Padrón e na aba da carballeira, deu lugar a que se transformase todo o terreo que media entre ela e a Porta Faxeira, converténdose co paso dos anos no que serían o Campo da Estrela e a Alameda.

Segundo un plano da cidade de mediados do século XVIII atribuído a Francisco Ferreiro, nesta época xa había un espazo sen árbores diante do colexio de San Clemente, denominado Campo de Santa Susana. Que era maior en 1796, xa que comprendía todo o situado entre a Porta Faxeira, a capela do Pilar, o devandito colexio e o Camiño Real de Padrón, o que agora corresponde á actual Alameda, como se pode ver no plano da cidade de Juan López Freyre, no que consta como «Campo de la feria» ou «Mercado nuevo»¹⁴. Supoñendo que



O Campo de Santa Susana e parte da carballeira do mesmo nome (Pormenor do plano de Santiago atribuído a Francisco Ferreiro, mediados do s. XVIII, Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos).

sexa vez a representación, a carballeira estaba formada por varias ringleiras de árbores que empezaban case fronte ao colexio de San Clemente e se abrían en abano ata rematar no actual paseo da Ferradura.

Nunha vista panorámica da cidade tomada dende a capela do Pilar polo artista compostelán Ramón Gil Rey, contra o ano 1837, destaca a masa arbórea da carballeira coroada pola igrexa de Santa Susana, e na parte baixa o espazo da Alameda exornado con ringleiras de árbores.

Pouco antes, 1831, Blas Galiano deseñara o primeiro proxecto de ordenación do espazo da Alameda e da carballeira, que será a base da maioría das intervencións que se fan no futuro. As obras empezaron a mediados do século coincidindo cos anos da fame, en que o Concello decide dar traballo a persoas da cidade e de fóra moi necesitadas ou que andaban mendigando. En particular é de subliñar a colaboración do marqués de Bóveda de Limia, Joaquín Losada Pimentel, pola que o ano 1891 se lle deu o seu nome a un dos paseos. Segundo se di, houbo que derribar 160 carballos que vendeu o devandito marqués a 14 reais cada un¹⁵.

Pouco anos despois, ao teren que deixar o convento de San Lourenzo os franciscanos por mor da exclaustación, xurdiu un problema co conde de Altamira que reclamaba todas as propiedades que doaran os seus devanceiros, non só a casa e o predio conventuais, senón tamén as carballeiras de San Lourenzo e Santa Susana, alegando que na doazón de 1546 do *agro e heredad desta cerca del monasterio de San Lorenzo* entraban ambos



As torres da catedral dende a carballeira de Santa Susana (Fotografía de autor descoñecido, c. 1920. Colección «Sanxiao - Lodeiro»).

terreos. A cuestión non era doada de dilucidar, partindo de que o Comisario de Montes da provincia da Coruña nunha visita que fixo en 1848, afirma o seguinte da de Santa Susana:

Su estension 20 fanegas en aberto. Con quinientos sesenta robles la mayor parte viejos: su estado decadente. Necesita alguna repoblacion... aunque esta Dehesa se considera de propios del pueblo parece que su propiedad pertenece al Excmo. Sr. Conde de Altamira, pero que el producto de la leña ó ramage qe. se poda se destina para consumo de los presos de la carcel...¹⁶.

Ademais tamén lle pertencían os troncos dos carballos, consonte co que di o administrador do conde en 1872 na reclamación da de San Lourenzo,

el acuerdo tomado por ese Excmo. Ayuntamiento, es extensivo á impedir que la Casa del Excmo. Sr. Conde de Altamira recoja como lo vino haciendo hasta aquí los robles o troncos de Santa Susana¹⁷.

En particular o segundo testemuña que, aínda que non fose a propiedade, o de Altamira posuía algúns dereitos sobre a carballeira, descoñecéndose xa daquela como chegaran a súa familia.

Mesmo a nivel oficial había quen defendía esta interpretación, mais o litixio fallouse en 1874 a favor do Concello, pois tanto que o *agro e heredad* da doazón comprendese as



A feira na carballeira de Santa Susana (Postal, c. 1910. Colección «Sanxiao - Lodeiro»).

dúas carballeiras como só a de San Lourenzo, estaba claro que o conde llo doara á cidade *para en todo tiempo de syempre la tenga para su serbidumbre e pasto comun e plantar de arboles e arboledas*, e non aos franciscanos¹⁸.

Co fin de evitar problemas no futuro, en 1886 o Concello inscribiu esta carballeira e outros bens como propios, constando que tiña unha extensión de 26.660 metros cadrados¹⁹.

Nas últimas décadas do século XIX empézase a cuestionar que a feira do gando se celebre nun sitio tan céntrico²⁰. En 1918 xa se di que era antigo o proxecto de mudala de lugar, pero o problema estaba en procurar outro axeitado e non lonxe²¹. Malia a esta situación, as árbores tíñanse moi en conta: en 1919 un concelleiro pide que se lle poña unha defensa ás novas pola proximidade da feira da Ascensión; seis anos máis tarde sancionan un home por ter a xugada atada a un carballo, e en 1925 a sete polo mesmo motivo: *a los cuales se les recompensará el importe de la multa que han satisfecho con la invitación gratuita a la primera Fiesta del Árbol que se celebre en esta ciudad*²².

O arquitecto municipal, Constantino Candeira, ao deseñar o Campus en 1928 tamén pensou na feira, deixando para ela o terreo lindeiro coa carballeira de San Lourenzo, e dous anos despois o Concello solicita un empréstito para varias obras, do que 400.000 pesetas eran para converter en parque a carballeira de Santa Susana²³.

Foron pasando os anos, a II República, a Guerra Civil e a posguerra, e continuou no sitio de sempre, ata 1946 en que se traslada provisionalmente para a carballeira de San Lourenzo, á vez que se dá como posible emprazamento definitivo a agora desaparecida carballeira de San Lázaro, o que, como era de agardar, non gustaba a comerciantes e taberneiros²⁴. Durante este tempo plantáronse e cortáronse árbores: en 1956 a prensa dá a



A carballeira de Santa Susana no inverno.

nova de que se puxeran 50 carballos, pero dous anos despois denuncia unha talla indiscriminada²⁵.

A comezos de 1964 a corporación propón levala para a zona de San Caetano, cifrándose o importe dos terreos e a construción das instalacións cubertas entre 35 e 40 millóns de pesetas²⁶. Este mesmo ano fixéronse melloras na carballeira, como en toda a cidade, co gallo do próximo ano santo de 1965, como desfacer o muro e achandar a terra do cemiterio pegado á igrexa de Santa Susana, que orixinou un problema no mes de agosto do ano seguinte ao apareceren ciscados entre os carballos ósos humanos, que os porcos desenterraban ao fozar por non os deixar ben fondos²⁷.

Por fin, en 1971 inaugurouse a nova feira en Salgueríños coa denominación de «Mercado Nacional de Gando», quedando dende entón todo o outeiro de Santa Susana como parque para lecer de propios e visitantes.

Moito máis se pode escribir verbo desta histórica carballeira, pero o espazo aprema, e por iso remato cunha anécdota: no mes de maio de 1936 o Concello castigou a dous rapaces por destruír nela varios niños²⁸.

CARBALLEIRA DE SAN LOURENZO

Quizais sexa a que conta coas árbores máis vellas de Santiago, pero actualmente só queda unha parte da antiga carballeira ou devesa, como tamén se denominaba, dende que en 1872 se abriu a rúa que remata na estrada de Noia, para a que houbo que cortar 84 pés, número que foi a máis cos posteriores ancheamentos e coa construción dun estacionamento no Campus.

En 1485 o conde de Altamira, Lope de Moscoso, doa aos franciscanos unha devesa con carballos e outras árbores, pero non era esta carballeira, senón unha situada entre o cenobio e o río Sarela:



Unha vista da carballeira de San Lourenzo (Postal fotográfica, c. 1905. Colección «Sanxiao - Lodeiro»).

a herdade territorio y mont que esta sita detras do dito Mosteyro contra no Rio y Ponte debaixo do dito Mosteyro segund que agora esta cerrada e valada para a dita debesa y segund que vos os flayres do dito Mosteyro cerrastes e valastes por miña orden e mandado para acrecentar mais a dita debesa da que ja estaba plantada y con mais todos los carballos e arborles que agora estan plantados...²⁹

Esta devesa pasou a formar parte do predio do convento, mentres que o terreo da actual carballeira pública tamén foi doado, pero á cidade de Santiago, o 5 de novembro de 1546 por outro conde descendente do anterior, Lope Osorio de Moscoso e Andrade:

... un agro e heredad questa cerca del monasterio de San Lorenzo por donde al de presente anda el camino Real que viene por cabo el dicho monasterio para esta ciudad (...) para salidos e serbidumbre de la dicha Ciudad el dicho mi agro arriba declarado para que la ciudad para en todo tiempo de syempre la tenga para su serbidumbre e pasto comun e plantar de arboles e arboledas e con condicion que no pue-

dan cerrarlo ni aforarlo ni arrendarlo ni otra cosa alguna syno queste abierto para pasto comun e folgança, salido e serbidumbre de la dicha ciudad vecinos e moradores della...³⁰

Non tres anos despois, o 7 de marzo de 1549, o Concello xa aforou a Juan Manzanas os *agros del Sr. conde de Altamira*³¹, que de ser o da doazón anterior, entón incumpriu a manda do conde, na que está ben claro que *en todo tiempo de siempre lo tenga para su serbidumbre e pasto comun [...] con condicion que no puedan cerrarlo ni aforarlo ni arrendarlo...* É de supoñer que fosen outros tendo en conta que nesta época aínda vivía o doante.

En 1574, malia constar na escritura ben claro que lla daba á cidade, os frades franciscanos xa reclamaban como súa esta carballeira para cerrala, que non llo permitiu o Concello³². Non obstante, seguírona explotando, como facían a mediados do século XVIII e deixou constancia o rexedor perpetuo Bernardo de Millara y Montenegro, que engade logo de referirse ao doazón: *Es el Campo donde se alla la Robleda pegada a San Lorenzo cuia comunidad se aprovecha de la leña y no allo ningun consentimiento de la ciudad*³³. Que continuaron ata pouco antes da desamortización, pois en 1829 aínda os multou o Concello con 10 ducados por facer unha corta de carballos³⁴.

Se cos frades había problemas, co abandono do convento aínda aumentaron, ao reclamar o conde de Altamira a propiedade de todos os bens que lle doaran os devanceiros, dos



Algúnas árbores centenarias da carballeira de San Lourenzo.



A carballeira de San Lourenzo e o cruceiro de 1683. Á esquerda o muro do antigo convento franciscano de San Lourenzo de Trasouto.

que só conseguiron a casa conventual e o predio cerrado, pero non esta carballeira nin tampouco a de Santa Susana. Para tal demanda baseábase nun acordo entre os relixiosos e un dos condes do 11 de marzo de 1776, no que os primeiros

congregados, segun costumbre, en la sala capitular del convento, confesaron ser perteneciente a los Sres. Condes de Altamira privativamente e in solidum, no solo el patronato de la Capilla mayor y del convento, [sino también] el bosque y alameda que se hallaba a su salida; y consintieron que de dicho patronato, convento y terreno a él agregado tomase, como efectivamente tomó, el Conde la posesión en dicho bosque con asistencia de la misma Comunidad, a donde le llevó el Escribano ejecutor, y luego a la alameda que está a la salida del convento, toda ella poblada de arboles³⁵.

A última gran corta da que se ten coñecemento, quizais a máis grande de todas, tivo lugar en 1872, co gallo da apertura da actual estrada de San Lourenzo á de Noia, que houbo que arrincar 84 carballos, que se subhastaron e venderon por 3.300 reais con 65 céntimos³⁶. Como a propiedade estaba en litixio, protestou o conde de Altamira por non lle pedir permiso, pero no mes de xullo de 1875 os tribunais déronlle a razón ao Concello de que a carballeira era da cidade e de uso público³⁷. Para evitar posibles problemas no futuro, en 1886 o Concello inscribiu esta carballeira e outros bens como propios, constando que tiña unha extensión de 13.567 metros cadrados³⁸.

Á sombra destes carballos celebrábanse festas e os domingos a mocidade organizaba as foliadas. Tamén era onde se xuntaban os días de lecer algunhas veciñas e veciños rexoubeiros a murmurar dos que pasaban polo antigo camiño de Noia, como conta Antonio María de la Iglesia, nado neste barrio en 1822, no artigo «A rejuba de San Lourenzo (Costumes folklóricos d'o país)», que saíu na revista compostelá *Galicia Humorística* o 15 de maio de 1888, ao que pertencen estes parágrafos:

Hay 'n as aforas de Santiago de Compostela, en Galicia d'España, unha carvalleira famosa por moitos conceutos. Dempois d'a de Santa Susana, é a mais renomeada carvalleira d'aquel povo. Chámase a de San Lourenzo, pol o convento de recoletos franciscanos que n'o meio d'aqueles bosques tiña e inda tén; pró que os frades se cambearon pol a duquesa de Medina d'as Torres, que d'o cenóbio fixo morada sua de recreyo, conservando en parte as formas exteriores d'o mosteiro silencioso. A torre d'a sua igreja ben se vé dend'o alto d'o campo de Santa Susana sahir e gallardear por riba d'as elevadas e frondosas pólas d'os seculares



A primavera na carballeira de San Lourenzo.

carvallos, abaixo ‘n a esplanada en que o barrio de San Lourenzo termina, ó ponente d’a monumental cidade (...) Pois bén n’ese trayeuto, non moi grande, cand’un pouco mais a via se franqueaba, un día d’o ano, o luns de pascua d’Sprito Sancto ou de Pentecostés, de madrugada, juntábanse n’ese punt’e sitio cantos marmuradores e rejoubeiros de maor talla e nóta contiña o gran povo de Santiago, para pasar en revista e á coitelo de lingua, ben agudo e afiado, á cantas personas e familias o merecesen, d’as que n’aquela miñan pasaban por aquel penoso estreito par’a romaría de San Amaro, que ‘n o lugar de Barouta, d’a parroquia de San Tomé de Amés...³⁹

A mediados do século pasado celebrouse aquí a feira durante algún tempo, mentres se levaban a termo obras de mellora no campo de Santa Susana, que, segundo o Concello, xa non era a primeira vez que se facía. Antes do cambio acondicionouse o campo e tamén se plantaron algúns carballos⁴⁰.

Polo de agora é a única formación arbórea pública de Compostela catalogada como senlleira pola Xunta de Galicia (Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro).

CARBALLEIRA DE SAN DOMINGOS DE BONAVAL

O actual parque público de Bonaval comprende todo o predio que noutrora pertenceu ao convento de San Domingos, incluso tamén a parte que foi cemiterio dende 1837 ata 1968. A carballeira mantense onde a tiñan os frades, no sitio máis alto e costeiro, cunha extensión próxima a unha hectárea.

A diferenza doutros arboredos históricos composteláns, este non conserva moitos exemplares vellos, malia a iso é moi antigo, xa que se supón que date de cando se funda o

convento a comezos do século XIII, pois os frades sempre tiveron moito coidado de conservar o bosque, como testemuña a cláusula 18 do contrato co arquitecto Domingo de Andrade para construír a casa conventual en 1695:

18º Yten es condicion que dicho maestro en el bosque de dicho convento no cortara madera alguna asi de roble como de castaño, excepto si para arrancar la pizarra fuere menester arrancar algunos arboles que en tal caso lo pueda hazer quedando dichos arboles para el convento⁴¹.

En 1835 o cenobio foi suprimido e a propiedade pasou ao Estado, que o ano seguinte xa se dedicou a cuartel. Vai ser durante este tempo cando os militares corten os carballos e castiñeiros, como consta nun inventario asinado o 30 de xuño de 1841:

... Ultimamente se comprende en esta entrega la huerta contigua, del referido Con-



A carballeira de San Domingos de Bonaval dende os restos do antigo claustro do convento.



Santiago dende o monte da Almáciga por Ramón Gil Rey, 1842. En primeiro termo o muro e o bosque de San Domingos (Debuxo a pluma, Museo Provincial de Pontevedra).

bento cerrada y circundada con muro de piedra de cabida de 16 ferrados poco mas ó menos. Dos pedacitos de terreno cultibados y otro terreno á inculto llamado Bosque por que estubo poblado de robles y algunos castaños que taló la autoridad Militar con motivo de fortificar y aspillerar el Edificio Convento...⁴²

Os efectos desta corta aprécianse na vista da cidade do artista compostelán Ramón Gil Rey do ano 1842, tomada dende o monte da Almaciga (o ángulo onde remata a cerca, entre as actuais rúas da Caramoniña e Teo), na que moi poucas árbores superan a altura do muro.

O ano 1837 o Estado cédelle ao Concello 12.000 varas cadradas do bosque para cemiterio xeral da cidade, que se mantén aberto ata 1968⁴³.

Por último, todo o antigo predio dominico cerrado pola muralla, incluso a parte que fora cemiterio, converteuse a partir de 1994 no parque público de Bonaval.

CARBALLEIRA DE CONXO

Non se coñece a data da fundación do cenobio de Conxo, pero en 1129 xa había unha comunidade de monxas bieitas, onde continuaron ata o século XV en que se incorporan ao de San Paio de Antealtares. Entón o ano 1482 pasou á orde dos mercedarios que o habitaron ata a exclaustración en 1835. Ao longo de máis de sete séculos acadaron arredor do convento unha extensa propiedade que dedicaban a terras de labor e a monte (principalmente de carballos e castiñeiros).

A partir desta data pasou a propiedade do Estado, agás a igrexa, ata que na década dos anos oitenta do século XIX se instala nel unha pequena comunidade mercedaria que, como se verá máis adiante, vai ser a que destrúa o bosque, onde permanece ata 1885 en que a Igrexa funda o manicomio do mesmo nome. En 1969 a Deputación Provincial da Coruña adquiriu todo por 52 millóns de pesetas.

Anos despois da desamortización, cando o predio era público, desenvólvese aquí o feito máis sobranceiro da historia da carballeira, de grande importancia social e simbólica en Galicia: o día 2 de marzo de 1856, malia ás ameazas das forzas conservadoras, entre as que non faltaba a Igrexa, algúns estudantes liberais convidaron a varios artesáns a un xantar de confraternidade que se celebrou á sombra destes carballos. Os principais protagonistas do «Banquete de Conxo» ou «Banquete Democrático de Conxo» foron Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal e Luís Rodríguez Seoane, que se encargaron dos brindes, dos que ao do segundo pertencen estes versos cos que rematou a intervención:

(...)

Caiga, pues, esa turba de reptiles
que ostenta con orgullo sus blasones:
písalos todos cual gusanos viles,
queme el fuego sus necias distinciones,
y habiten los cernícalos sutiles
la oscura soledad de sus mansiones,
y arrebaten los roncós torbellinos
el montón de sus viejos pergaminos.

Hai quen supón que tamén puido asistir Rosalía de Castro, que nacera en Conxo 19 anos antes, pero sen tomar parte, que para unha muller sería inconcibible daquela tal ousadía. Pese a non ser máis que unha conxectura, é a única muller que figura no mosaico que se puxo na carballeira o ano 2019 conmemorando o histórico banquete.



O convento e a carballeira de Conxo antes da desamortización. Debuxo de John Todd, 1830 (Colección particular. Sánchez García, J. A., coord.: *Catálogo del patrimonio arquitectónico de la Diputación de A Coruña*, 2020).

En lembranza deste democrático xantar o Concello compostelán recuperou o espazo en 2018 para lecer de todos os veciños. Ademais tamén se celebra unha festa anual á que adoitan acudir moitas persoas coa indumentaria propia de mediados do século XIX.

A fraga mantívose como a deixaran os mercedarios ata comezos de 1882, en que a prensa dá a nova dunha corta indiscriminada para leña, sobre todo de carballos, castiñeiros e piñeiros, por parte de tres frades mercedarios que sen permiso (que se saiba), pois o edificio e todo o demais, agás o templo, era patrimonio público dende a desamortización, ocuparan parte do que fora convento⁴⁴. Calculábase que entre febreiro e marzo do devandito ano derribaran máis de 500 árbores ante a indiferenza das autoridades, coincidindo co comezo das obras do manicomio de Conxo, se ben estas non afectaron ao monte⁴⁵.

Rosalía de Castro denunciou a destrución deste centenario bosque, para ela tan querido, con dous poemas: «Los robles» (publicado por primeira vez poucos meses despois no mesmo ano 1882 en Buenos Aires) e o que comeza «¡Jamás lo olvidaré...! de asombro llena», ambos incluídos *En las orillas del Sar* (1884):



Mosaico conmemorativo do Banquete democrático de Conxo na carballeira onde se celebrou, deseñado por Xosé Vizoso, 2019. Por detrás e aos lados varios carballos centenarios.



Un recanto da carballeira de Conxo no inverno.

(...)

¡Profanación sin nombre! Donde quiera
Que el alma humana, inteligente, rinde
Culto a lo grande, a lo pasado culto,
Esas selvas agrestes, esos bosques
Seculares y hermosos, cuyo espeso
Ramaje, abrigo y cariñosa sombra
Dieron a nuestros padres, fueron siempre
De predilecto amor, lugares santos
Que todos respetaron.

¡No! En los viejos

Robledales umbrosos, que hacen grata
La más yerma región, y de los siglos
Guardan grabada la imborrable huella
Que en ellos han dejado, ¡nunca! ¡nunca!
Con su acerado filo osada pudo
El hacha penetrar, ni con certero
Y rudo golpe, derribar en tierra
Cual en campo enemigo, el árbol fuerte
De larga historia y de nudosas ramas,
Que es orgullo del suelo que le cria
Con savia vigorosa, y monumento
Que en solo un día no levanta el hombre,
Pues es obra que Dios al tiempo encarga
Y a la madre inmortal naturaleza,
Artista incomparable. (...)

La corriente

Mansa del Sar, entre sus ondas plácidas
Arrastrando en silencio los despojos
Del sagrado recinto, y de la dura
Hacha, los golpes, resonando huecos,
Cual suelen resonar los del martillo
Al remachar de un ataúd los clavos...⁴⁶

A talla das árbores non se detivo coa inauguración do manicomio en 1885, polo menos as podas para leña, non xa para consumo propio, senón tamén para vender, como testifican os anuncios inseridos na prensa⁴⁷.

No ano 1969 adquire o centro psiquiátrico e todo o predio a Deputación Provincial da Coruña. A fraga mantívose igual, cada vez máis abandonada pola falta de demanda da leña, ata que en 1985 se acorda construír o novo Hospital Provincial no espazo arborado, que entre o edificio, os aparcadoiros e outras instalacións ocuparon máis de 3,5 ha do antigo monte.

Permaneceu así ata que en 2018 empezaron as obras de acondicionamento para converter toda a ribeira do río Sar en parque público, incluída a parte que corresponde á carballeira: abríronse camiños e sendeiros, arranxouse o merendeiro sobre o río, a fonte, etc. Queda por facer a restauración do bosque, para o que cómpre eliminar as especies alóctonas, agás algúns exemplares senlleiros que pola súa antigüidade merezan conservarse, e o resto dedícalo a fraga autóctona, como se fixo coa Selva Negra, recuperando, ademais dos carballos, o bosque de ribeira que se estende ao longo do curso do río Sar.



Anuncio de venda de leña de carballo no manicomio de Conxo (*Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, 14 de xaneiro de 1892).

CARBALLEIRADA SELVANEGRA

Escribía en 1903 o ourensán Heraclio Pérez Placer:

Hace unos cuantos años era la Selva Negra punto de cita para los enamorados, sitio de esparcimiento para los melancólicos, y constante motivo de poéticos entusiasmos para los artistas enamorados de la Naturaleza⁴⁸.

Dende entón pasou máis dun século, e esta fraga situada fóra da cidade e na aba do monte Pedroso, non perdeu aínda hoxe en día ese encanto especial herdado de antano.

En 2007 mercouna o Consorcio de Santiago, converténdose dende entón en monte público, cunha extensión de máis de 22 ha, sen ter en conta a «Granxa do Xesto». A entrada principal é pola rúa dos Montes dos Chaos (estrada de Figueiras, DP-7803), antes do cruzamento para subir á cima do Pedroso, pero é máis aconsellable acceder pola «Granxa do Xesto», con cómodo aparcadoiro para vehículos e outros servizos.

A denominación antiga era monte de Bargo, aínda que, polo menos dende o século XIX, para os composteláns da cidade é a Selva Negra, nome que se debe aos visitantes que dende antigo frecuentaban estas paraxes para paseos, banquetes e merendas⁴⁹.

Foi monte público ata o século XVII, no que os veciños dos lugares máis próximos apañarían mulime e tamén andarían co gando, ata que empezou a ser repoboado con árbores por particulares. O 17 de xuño de 1658 xa estaba parte, como consta nunha concordia asinada entre o racioneiro da catedral, Andrés da Amaía, dunha parte, e da outra o convento de Santa Clara e os veciños do lugar de Bar de Abaixo co gallo do litixio que tiñan polo *agro do Porto*, situado xunto á fonte Xián, *que se llama del Señor Cardenal Spinola*⁵⁰, onde o primeiro plantara *cantidad de Alamos y Robles por decir dha. heredad es monte comun y concejil*, co que non estaban de acordo os segundo que afirmaban que era *anejo a dho. lugar de Bar de Abajo*⁵¹.

Catro anos despois, o 30 de decembro de 1662, era o Concello quen aforaba ao médico Pedro de Jestó e a súa muller María Freire,



A antiga entrada da Selva Negra con carballos centenarios.



Un romántico recanto da Selva Negra.

el territorio que está desde el Camino que va desta Ciudad de Sant^o pa. Figueiras, mas avajo de la fuente llamada del Arzobispo comenzando desde el, por una y otra pte. de la falda del monte Pedroso y de San Paio del Monte, aguas vertientes hasta llegar a la mitad de una llanada que está mas arriba de dha. fuente llamada del Cardenal Espino a la pte. del Norte, y no se ve desde otra fuente, y llevará en su circunferencia seis cargas poco mas y es propio de la Ciudad y con la condicion de que en el edificio que hiciere en dho. territorio irá de poner las armas de la ciud.⁵²

Consonte con esta descripción, o terreo que se lle afora a Pedro de Jesto empezaba no camiño de Figueiras, onde agora a Selva Negra, e subía pola aba do monte Pedroso ata a actual «Granxa do Xesto», que foi a única parte que conservou o apelido do antigo foreiro.

Como se pode ver, no contrato consta que se fai algunha obra debe levar as armas da cidade, polo que tendo en conta que a fonte que está dentro do terreo tiña un escudo -do que se aprecia parte-, que foi picado non se sabe cando, quizais fose o de Santiago.

Esta fonte é a única construción que actualmente se conserva en toda a fraga, pois tanto da capela que houbo preto, como da mansión señorial, non quedan restos⁵³. É unha obra monumental digna dunha poboación ou dun concorrido centro relixioso, pero non para estar nun sitio solitario do que as casas máis próximas sempre deberon ser as de Bar, que dispoñen de abundante auga, e o santuario non pasou dunha humilde capela dedicada á Virxe do Carme que logo se trasladou para a beira do río Sarela, mudando o nome de «Carme do Monte» por «Carme de Abaixo».

Pode datar do século XVIII, aínda que se aproveitaron pedras dunha obra anterior (que tamén podía ser unha fonte), como testemuñan os restos de inscricións con caracteres góticos. Conta con dous pichos polos que deita abundante auga que cae nunha pía, e diante cun espazo empedrado con bancadas aos lados para varias persoas⁵⁴.

Neste sitio avesío, moi axeitado para pensar no sobrenatural, sitúa Heraclio Pérez Placer a historia de amor de Abel e unha ninfa, que xurdiu da auga da fonte ao escoitar a frauta do pastor namorado da natureza⁵⁵. E pola parte de arriba da Selva Negra, na «Granxa do Xesto», Antonio de la Iglesia recolleu a lenda dunha madama que se poñía a carón da fonte Formiga cunha tenda ben fornecida de obxectos moi valiosos, que sempre lles preguntaba aos pegureiros que andaban por alí co gando que cousa era a que máis lles gustaba, pero ningún dicía a tendeira, para desfacer o desencanto e apoderarse do seu tesouro⁵⁶.

Os carballos abeiran os camiños, forman bastas e desordenadas carballeiras e tamén se mesturan con outras árbores, entre os que sobresaen exemplares moi lonxevos, dos que algúns foron decotados para leña hai moitos anos e outros xa os deixaron para madeira. A pesar de ser propiedade privada, sempre foi un lugar frecuentado polos composteláns, que conservou ata comezos do século XX certo carácter público, como amosan as queixas por prohibir a propiedade a entrada libre como viña sendo de costume:

Ayer hemos sido desagradablemente sorprendidos al ver que en el punto denominado Selva Negra, inmediato a esta población, propiedad de doña Ramona Mallo, viuda de Tojo, se han puesto rótulos prohibiendo la entrada á su magnífica posesión.

De lamentar es que la propietaria, condescendiente hasta aquí con las personas que buscaban en aquel lugar solaz y esparcimiento de ánimo, se hubiese visto precisada por los frecuentes abusos, no sólo a privar la entrada, sino a poner un guarda jurado. (...)

Nosotros sentimos, por nuestra parte, vernos privados de disfrutar de aquel ameno sitio, que por lo solitario, resulta hermoso y a donde, no pocas veces, nos atraían aquellas cristalinas y abundantes aguas⁵⁷.



A monumental fonte da Selva Negra, entre carballos. Estaba coroadada por unha cruz.

A consideración de case pública procedía da época en que había preto da fonte unha ermida dedicada á Virxe do Carme. Non se sabe se a construíran os veciños ou o propietario, pero xa existía en 1662, que quedou abandonada ao facer outra máis abaixo na orella do río Sarela, xusto onde o cruza a ponte do Arcebispo, substituída pola actual igrexa entre 1760 e 1773.

Malia desaparecer a ermida, a festa continuou aquí ata comezos do século XX, como se confirma pola prensa: *Ayer hubo un animado baile en el lugar llamado Selva Negra*, dicía a *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago* o 6 de agosto de 1889, e o 21 de xullo de 1894: *El lunes tendrán lugar en el campo denominado Selva Negra, los relevés de la función que mañana se verificará en el Carmen de Abajo. Con tal motivo habrá animados bailes, a los cuales como en años anteriores, asistirá mucha gente.*

A celebración adoitaba ser na segunda quincena de xullo ou os primeiros días de agosto, pouco despois da festividade da Virxe do Carme. Por exemplo, o 20 de xullo de 1903 informaba *El Correo de Galicia: Amenizado por una murga se celebró esta tarde un animado baile, en el pintoresco parage conocido por la Selva Negra.*

Ademais a mocidade compostelá organizaba paseos e excursións: *Esta tarde se verificará una gira campestre a la Selva Negra, de la que forman parte distinguidas señoritas de esta ciudad y animados jóvenes del sexo fuerte*⁵⁸. E, polo menos ata mediados do século XIX, era costume que desen aquí o banquete de licenciatura os novos médicos⁵⁹.

Consonte coa época e a orografía do lugar, un pequeno claro entre dous montes con moita vexetación, é posible que fose nalgunha das festas que se celebraban nesta fraga

onde se inspirou Dionisio Fierros (1827-1894) para pintar o cadro «Unha romaría nos arredores de Santiago», datado en 1855, no que plasmou moitas persoas do rural co vistoso traxe tradicional e outras da cidade coa indumentaria moderna. Ademais puxo á esquerda un cruceiro e ao fondo no alto unha capela que nunca existiron na Selva Negra.

Foi inspiración de escritores, entre outros Heraclio Pérez Placer, e de emigrantes que estrañaban a súa terra, como Antonio José López e Luís Máiz que lle dedicaron, respectivamente, «Desde mi destierro. Un recuerdo a 'Selva Negra'» e «A Galicia», á que pertencen estes versos:



O desleixo dálle á Selva Negra un feitiizo especial todo o ano.

(...)
 Alá n'un currunchu
 preto a Compostela,
 ô pe do Pedroso
 está a Selva Negra.
 Murmulla un regato
 a cántiga eterna,
 e choran as rulas
 pola carballeira.
 Alá toda chora
 e todo se queixa. (...)
 A xente do povo,
 que vai de paseo,
 recreíase un pouco
 e vaise, ten medo;
 e ô caer da tarde
 xa todo la deixan
 c'as brétemas pardas
 ô ras das silveiras.
 (...)⁶⁰

Dende que a adquiriu o Consorcio de Santiago procedeu a eliminar as árbores foráneas, sobre todo eucaliptos, ao tempo que se repoboaba con carballos, castiñeiros, acivros, etc., dos que actualmente os máis xa son de mediana altura, que o día que acaden a plenitude constituirán unha masa forestal singular.

CARBALLEIRA DO PARQUE DO ESPÍÑO

Campa na aba do Monte Pío, lindeira coa residencia do presidente da Xunta de Galicia, e, polo mesmo, fronte á cidade e a pouco máis de medio quilómetro da praza do Obradoiro. O terreo, costeiro, remata no río Sarela onde empeza outra zona verde. Abriuse ao público en 2014.

Ademais da carballeira, na que se mesturan acivros, algúns piñeiros e outras árbores, o resto do predio está cuberto por unha mesta e vizosa vexetación formada por plantas ornamentais do xardín que rodea o palacete modernista, de gusto neogótico, onde vivían os propietarios. Esta senlleira construción, erixida polo arquitecto Jesús López de Rego entre os anos 1910 e 1915, atópase actualmente en ruínas. O parque está protexido cun muro antigo de pedra, polo que é un dos espazos verdes composteláns que pechan de noite.

A maioría dos carballos son altos e dereitos debido a que nunca foron decotados para leña, polo que algúns dan boas e dereitas trabes.



Á esquerda a carballeira do Espiño coas torres da catedral por detrás, e á dereita a de Santa Susana coa igrexa na cima (Postal, c. 1910. Colección «Sanxiao - Lodeiro»).



A catedral e a carballeira do Espiño á esquerda (Postal, c. 1960. Colección «Sanxiao - Lodeiro»).



Un recanto da carballeira do parque «Finca do Espiño».

Hai sendeiros para andar por todo o parque, así como bancos para descansar á sombra. O aspecto de desleixo intencionado da vexetación que medra libre, fai que o visitante se sinta como se estivese nunha fraga abandonada, cando queda a pouco máis de medio quilómetro da catedral.

CARBALLEIRA DO PARQUE DE VISTA ALEGRE

Este predio pertenceu ata a desamortización ao mosteiro compostelán de San Martiño Pinario, polo que se coñecía por «Horta de San Martiño», por «Finca das Salvadas» (o nome da zona onde está), e por «Finca Simeón», polos últimos propietarios. Dende que a tiveron que deixar os monxes bieitos pasou por varios donos ata chegar a poder da familia Simeón, ricos comerciantes e banqueiros, que en 1903 construíron nela a súa residencia, dedicando o demais a horta, xardín e carballeira.

En 1995 adquiriu todo o predio o Consorcio de Santiago, converténdose en adiante en parque público.

A vivenda dos anteriores propietarios, un fermoso edificio de estilo colonial, foi restaurada e pasou a ser a «Casa Europa» para aloxamento de académicos universitarios. Ao mesmo tempo tamén se construíron outros edificios, todos de arquitectura vangardista: o Museo de Historia Natural, o Centro de Estudos Avanzados da Universidade, a Escola Superior de Música e a sede da Sociedad General de Autores y Editores.


Ademais da carballeira, o parque conta con moitas árbores froiteiras, terras de labor (agora con céspede) e xardín. Os carballos ocupan sobre 30 áreas, entre os que non faltan varios pés de gran porte, ordenados en ringleiras, algúns para proporcionar madeira e sombra (no medio hai unha fonte) e outros para decotar para leña.



Pormenor dunha vista xeral da cidade co desaparecido cuartel de Santa Isabel en primeiro termo. Á dereita sobresaie a carballeira do convento de San Francisco (desaparecida) e á esquerda (senalada cunha frecha) a de Vista Alegre (Postal, c. 1910. Colección «Sanxiao - Lodeiro»).



A carballeira de Vista Alegre e ao fondo o Centro de Estudos Avanzados da Universidade de Santiago.



A carballeira do parque «José 'Zeca' Afonso» no inverno.

CARBALLEIRA DO PARQUE «JOSÉ 'ZECA' AFONSO»

Por máis que oficialmente se lle chame parque, como só hai carballos, a denominación máis correcta é a de carballeira. Dá contra a avenida do Burgo das Nacións, polo que forma parte do espazo verde que circunda o Auditorio de Galicia que, segundo a zona, recibe diferentes nomes.

Este terreo pertencía ao predio do pazo dos condes de Turnes, que se reconverteu en psiquiátrico en 1938, coñecido en adiante por «Finca do Sanatorio de Lois». A partir de mediados do século pasado empezouse a urbanizar (Avd. Xoán XXIII, Burgos das Nacións, Auditorio de Galicia, etc.), conservando parte da carballeira, que agora comparte espazo cun establecemento hoteleiro.

Comprende un terreo de máis de 30 áreas, con árbores vellas de gran porte e altura, das que varias decotáronse para leña hai moitos anos, pero a «forca» (dúas pólas que lles deixaban), nalgúns casos medraron tanto que case non se aprecia a diferenza entre o tronco e o resto.



A primavera na carballeira de «José 'Zeca' Afonso».



Vista xeral da carballeira do Paxonal.

No mes de maio de 2009 o Concello acordou darlle o nome do cantor portugués José «Zeca» Afonso, en lembranza de que foi aquí, no Burgo das Nacións, onde cantou por primeira vez en público *Grândola, Vila Morena*, o 10 de maio de 1972, debido a estar prohibido en Portugal o álbum *Cantigas do Maio*, editado en Francia. Dous anos despois, a súa emisión na radio sería a contrasinal para o comezo da *Revolução dos Cravos* ou de Abril contra o réxime ditatorial do «Estado Novo» e o comezo da democracia no país veciño.

CARBALLEIRA DO PAXONAL

Forma parte do parque «Eugenio Granell», situado entre O Paxonal e A Pontepedriña. É público dende 2003 e conta cunha extensión de 13 ha, das que á carballeira corresponden sobre tres.

Está rodeada doutras árbores, sobre todo hidrófilas (salgueiros, ameneiros, freixos, vimbieiros...), que medran nas orlas do río Sar. Como ocorre con todas as carballeiras que foron propiedade de particulares, pódense ver carballos que os deixaron para madeira (trabes, pontóns, táboas...), que ademais de dereitos teñen moita altura, e outros que só eran para producir leña aos que decotaban as pólas cada certo tempo, agás unha para que continuasen medrando («o pendón»).

A carballeira é a parte do parque máis próxima á cidade e atópase nun pequeno outeiro no medio dun meandro que fai o río Sar. O seu estado de conservación é bo, co chan cuberto de herba, hedras e fentos, como todos estes arboredos cando os carballos están mestos.



Vista parcial da carballeira de Brandia co xardín e a casa da antiga fábrica de curtidos (agora local sociocultural de Vidán).

CARBALLEIRA DE BRANDIA OU DE VIDÁN

A denominación oficial é parque de Brandia, pola fábrica de papel que existe nun dos extremos, aínda que tamén é coñecido por parque de Vidán, por atoparse neste barrio da cidade⁶¹.

Ocupa unha ladeira situada entre a estrada de Santiago de Compostela a Noia por arriba e o río Sar por abaixo. Conta cunha extensión de máis de 6 ha, na que se mesturan árbores propias de aquí, principalmente na ribeira e na parte máis alta, con outras alóctonas, entre as que hai exemplares vellos.

Formaba parte dun predio moito máis grande, no que en 1792 empezou a funcionar a fábrica de papel de Laraño e logo o curtidoiro da Ponte Vella, manténdose actualmente os edificios con outros destinos (hotel e centro sociocultural). En 1968 ocupou unha parte a papeleira de Brandia, que se fundara en 1810 no lugar do mesmo nome do concello de Lousame; na década dos anos noventa urbanizouse outra, e, por último, a construción dunha rotonda e a apertura da avenida Xosé Filgueira Valverde afectoulle, sobre todo, á carballeira.

As obras de recuperación do bosque e dos xardíns comezaron en 2003, convertendo o sitio nun dos parques máis fermosos da contorna da cidade, no que sobresaen, ademais da carballeira, o paseo dos plataneiros de sombra, o xardín xeométrico e o bosque de ribeira das marxes do río Sar.

Hai pés de *Quercus robur* por todo o parque e tamén na urbanización, dende a parte alta ata o río. A carballeira propiamente dita queda na cima da ladeira que comeza na estrada de Noia, na que se poden ver exemplares vellos dos que a maioría foron decotados noutrora para leña.



O Sar ao seu paso polo parque de Brandia, entre ameneiros, salgueiros, carballos...

RECAPITULACIÓN

Ningunha das demais cidades galegas contan con tantos parques poboados de carballos, polo que se pode afirmar que é a árbore de Compostela: dende a céntrica e histórica carballeira de Santa Susana, ata a de Brandia, pasando polas de San Lourenzo, a Selva Negra e outras máis, todas con moitos pés centenarios.

Nesta relación non se mencionan algunhas que xa desapareceron, como a de San Lázaro, na contorna do hospital de leprosos, que aínda existía en 1946, para a que pretendeu o Concello trasladar a feira que se celebraba na de Santa Susana⁶². Nin tampouco outras que non son parques públicos ou quedan lonxe da cidade, como a do adro da capela de San Marco do Monte do Gozo.

Moitos destes carballos que agora nos proporcionan sombra e solaz, son os mesmos que antano fornecían de leña e dalgúns ingresos aos devanceiros. Doutros, tan dignos de recoñecemento, só queda a lembranza de que puideron chegar a centenarios, xa que un día o home por necesidade converteu a súa madeira en trabes, pontóns e táboas, tan resistentes ao transcurso do tempo que pasan os séculos e os xilófagos non son capaces de roer a súa cerna. Mentres a leña se vendía na Praza da Leña (a actual Rodrigo do Padrón), a madeira era na feira anual do Monte do Gozo, coincidindo coa celebración de San Marco, o 25 de abril.

O número de pés pode ir a máis nos anos vindeiros se os protexe o Concello, como fixo ata agora. Se substitúe por novos os que morren, respecta os vellos e planta outros nos parques que contan con poucos. Aos que agora xa cómpre sumar os que medran no Bosque de Galicia, nas ladeiras do monte Gaiás, arredor da Cidade da Cultura.

Santiago de Compostela posúe máis de cinco millóns de metros cadrados de espazos verdes públicos, nos que a árbore con maior número de exemplares e máis vedrañas, é o humilde, sufrido e rexo carballo, antano imprescindible pola súa leña e madeira.

NOTAS

- ¹ LÓPEZ FERREIRO, A.: *Fueros municipales de Santiago y su tierra*, Santiago de Compostela, I, 1893, p. 87.
- ² BARREIRO DE V. V., B.: «Archivo de la Ciudad de Santiago. II: El tumbo de tablas», *Galicia Diplomática*, I, 6-8-1882, p. 35.
- ³ ACS = Arquivo da Catedral de Santiago: *Arriendo hecho por Álvaro da Silva, carpintero, a Rodrigo Gómez, mercader, de la mitad de la casa y el robleal que tiene a su cargo de mano del canónigo Rodrigo Rodríguez...* P 045/1, fs. 312r -313r.
- ⁴ FLÓREZ, H.: *España Sagrada... : Tomo XIX, Contiene el estudio antiguo de la Iglesia Iriense, y Compostelana, hasta su primer Arzobispo*, Madrid, 1765, p. 224; LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago de Compostela*, III, Santiago, 1900, p. 241.
- ⁵ BARREIRO DE V. V., B.: «Archivo Histórico del Excelentísimo Ayuntamiento de Santiago. El primer libro capitular», *Galicia Diplomática*, III, 28-I-1888, p. 30.
- ⁶ O 22 de abril o Concello requiriu a documentación ao reitor da parroquia de San Froitoso e este demostrou que o foro del agro del Otero de Sta. Susana, que está entre los dos Caminos de las villas de Noya y de Padrón que hera de dha. Capilla. Ao que engade o rexedor da cidade Bernardo de Míllara y Montenegro, en 1753 que este foro está bien demarcado aunque parece que no, y es el sitio que estaba entre los dos caminos que refiere, y en donde están echas las casas de Dn. Plázido Figueroa que miran de testera a las espaldas de la Capilla del Pilar de Santa Susana, cuio foro de terreno recibió el referido Dn. Plázido de la fábrica de Santa Susana, y esta precisamente lo adquirió por compra o donación, pero demandándosele, se descubrirá su principio... (AHUS-AM = Arquivo Histórico Universitario de Santiago – Arquivo Municipal de Santiago): MÍLLARA Y MONTENEGRO, B. de: *Libro, pertenencias de la ciudad de Santiago sacadas de los Archivos...*, ms., fs. 65v. e 66r.).
- ⁷ AHUS-AM: MÍLLARA Y MONTENEGRO, B. de: Ms. cit., fs. 81r. e 79v.
- ⁸ AHUS- AM: *Libro de Consistorios*, ano 1546, f. 219.
- ⁹ AHUS- AM: *Libro de Consistorios*, ano 1546, f. 220.
- ¹⁰ AHUS-AM: *Libro de Consistorios*, ano 1572, f. 285. A forza eran dúas pólas principais e o *pendón* unha nova cada vez que se podaba.
- ¹¹ AHUS-AM: MÍLLARA Y MONTENEGRO, B. de: Ms. cit., f. 76r.
- ¹² HOYO, J. del: *Memorias del Arzobispado de Santiago*, ed. de A. Rodríguez González y B. Varela Jácome, Santiago de Compostela, [1950?], p. 44.
- ¹³ TAÍN GUZMÁN, M.: *La ciudad de Santiago de Compostela según los hermanos Juan y Pedro Fernández de Boán (ca. 1633-1646)*, Santiago, 2019, p. 83.
- ¹⁴ *Plano de la ciudad de Santiago, primera de las siete que componen el Reyno de Galicia, cuya fundacion empezo en el siglo nono con motivo de la invencion del Cuerpo del Glorioso Apostol Santiago...*, 1796.
- ¹⁵ FÉRNANDEZ SÁNCHEZ, J. M. / FREIRE BARREIRO, F.: *Guía de Santiago y sus alrededores*, Santiago, 1885, pp. 290-291; MOAR, J. M^a.: «Notas inéditas: Santa Susana», *El Compostelano*, 13-VIII-1926.
- ¹⁶ AHUS - AM: *Bienes de propios y comunales, 1833-1889*, f. 103.
- ¹⁷ Ídem, f. 114.
- ¹⁸ AHUS - AM: *Bienes de propios y comunales, 1833-1889*, fs. 130 ss.: «Antecedentes relativos al pleito en el año de 1872 por las Excmas Sras. Duquesas de Medina de las Torres y Baena contra el Excmo. Ayuntamiento de esta Ciudad, sobre dominio y propiedad de la Dehesa de San Lorenzo y Campo de Sta. Susana...»; LÓPEZ, A.: «Convento de San Lorenzo de Trasouto, extramuros de la ciudad de Santiago de Compostela», *Archivo Ibero-Americanos*, XXXVI, Madrid, 1933, p. 398 ss.
- O 25 de febreiro de 1909 escribía un anónimo colaborador do xornal compostelán *Gaceta de Galicia*, contrario a que o Concello cedera un soar na carballeira ao Recreo Artístico e Industrial de Santiago para construír un pavillón: *Aunque se conoce a la primera vista que el campo y roblea de Santa Susana perteneció a la casa de Altamira según se desprende y no da lugar a dudas despues de leída la carta de donación, que anteriormente publicamos, debe tenerse muy en cuenta que dicha roblea o coto de Santa Susana y la de San Lorenzo, hoy separadas, fueron una sola propiedad, una sola cosa, o por lo menos, la continuación y prolongación de la otra. Así se observa que el breve espacio que las separa, no es más que la estrecha faja del paso de Buena Vista y algunas cuantas heredades particulares adquiridas sin título verdaderamente legítimo por prescripción y presión continuada. Puede decirse que la falda de la roblea de Santa Susana, destinada hoy a cultivo y explotada por el interés particular, no es más que el comienzo de la de San Lorenzo; Conviene que nuestros lectores se fijen en este particular sobre el que llamamos su atención, porque esto no lo decimos nosotros sino el excelentísimo Ayuntamiento de Santiago en la memoria que presentó el municipio del año 1885*

autorizada con las firmas de D. Ramón Mosquera Montes, D. Bernardo A. Portela Pérez, D. Felipe Romero, D. Pablo P. Ballesteros, D. Daniel Rey y D. Manuel Valenciano... («Donación del señor Conde de Altamira», *Gaceta de Galicia*, 25-II-1909).

Malia ás protestas dos veciños, o pavillón deseñado polo arquitecto Antonio Palacios Ramilo construíuse e chegou aos nosos días convertido en escola infantil.

¹⁹ AHUS - AM: *Bienes de propios y comunales, 1833-1889*, fs. 279 ss.

²⁰ *Gaceta de Galicia*, 7-II e 7-XII-1893.

²¹ *Diario de Galicia*, 6-X-1918; *Galicia. Revista gráfica ilustrada*, A Habana, 7-IX-1924; *El Pueblo Gallego*, 23-VIII-1924; CASTILLO, A. del: «Compostela al día. Altos intereses compostelanos.- El Parque de Santa Susana», *El Pueblo Gallego*, 9-VI-1928.

²² *El Compostelano*, 11-VI-1925, 4-IX-1925, 10-IX-1926; *El Noticiero Gallego. Diario de Santiago*, 8-V-1919.

²³ *El Eco de Santiago*, 16-III-1928, 28-I-1930.

²⁴ *El Correo Gallego*, 28-XII-1946, 30-III-1947; *El Pueblo Gallego*, 27-XII-1946; *La Noche*, 29-III-1947.

²⁵ *La Noche*, 28-III-1956; RIVA LABARTA, F. M. de la: «Carta abierta a los señores ediles del Concejo compostelano. Sobre la tala de los robles en Santa Susana», *La Noche*, 21-V-1958.

²⁶ *La Noche*, 29-II e 5-X-1964.

²⁷ *La Noche*, 5-VIII-1966.

²⁸ *El Compostelano*, 15-V-1936; *El Eco de Santiago*, 15-V-1936.

²⁹ IGLESIA, A. de la: *El idioma gallego, su antigüedad y vida*, II, A Coruña, 1886, p. 9 ss.

³⁰ AHUS - AM: *Foros de propios de la ciudad de Santiago*, f. 98. Reproducido con pequenas variantes ortográficas no artigo anónimo «Donación del señor Conde de Altamira», *Gaceta de Galicia*, 25-II-1909.

³¹ AHUS - AM: MÍLLARA Y MONTEGRO, B. de : Ms. cit., fol. 99.

³² AHUS - AM: *Libro de Consistorios*, ano 1574, f. 396.

³³ AHUS - AM: MÍLLARA Y MONTENEGRO, B. de: Ms. cit., f. 107r.

³⁴ AHUS - AM: *Bienes de propios y comunales, 1833-1889*, fs. 95-102.

³⁵ Ídem, f. 159r.

³⁶ Ídem, fs. 118-124. Primeiro eran 82 pero logo houbo que tallar dous máis.

³⁷ Ídem, f. 106.

³⁸ Ídem, fs. 279 ss.

³⁹ Tamén fala da carballeira no artigo «Folk-lore gallego. Os aparecidos», publicado na revista *La Pequeña Patria* de Santiago de Compostela, o 30 de novembro de 1890.

⁴⁰ *La Noche*, 20-XII-1946.

⁴¹ AHUS: *Protocolos*, D. de Caamaño, atado 3.038, 1695, fs. 69r-78r.

⁴² «Ynventario y entrega del Edificio que fue Convento de Sto. Domingo, su huerta y mas anesco, que hace la Comisión de Amortización al Ayuntamiento. dela misma, y en su nombre el Sr. D. Tomas Gonzalez su sindico 2º, comisionado al efecto por la propia comporación, segun oficio de 7 de Mayo ultimo... Santiago de Compostela 30 de Junio de 1841», *Galicia Diplomática*, IV, 1889, p. 108.

⁴³ *Informe a la Municipalidad de Santiago sobre el local designado para Cementerio General*, Santiago, 1843, p. 10.

⁴⁴ *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, 14-III-1882.

⁴⁵ *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, 15-II-1882.

⁴⁶ «Jamás lo olvidaré...! de asombro llena», *En las orillas del Sar*, Madrid, 1884, pp. 45-50.

⁴⁷ *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, 14-I-1892.

⁴⁸ PÉREZ PLACER, H.: *Narraciones Compostelanas*, Santiago, 1903, p. 17.

⁴⁹ MOAR, J. M^a.: «Tratos y cofradías: La Congregación de Nuestra Señora del Carmen», *El Compostelano*, 16-VII-1927.

⁵⁰ Agustín de Spinola Basadone, arcebispo de Santiago entre os anos 1630 e 1645.

⁵¹ AHUS - AM: MÍLLARA Y MONTEGRO, B. de : Ms. cit., fs. 115r. - 116v.

⁵² Ídem, fs. 113r. - 113v.

⁵³ Verbo da primeira, escribía en 1927 J. M^a. Moar: *Tenía su capilla en el Monte Pedroso, y por eso se le llamaba el Carmen del Monte. Estaba situado este pequeño templo en la parroquia de San Fructuoso en lo que hoy es la posesión conocida por «Escalar», propiedad que fue del procurador carlista, D. Ramón Tojo Roel, luego de sus hijos el beneficiado y doña Ramona, y hoy de la nieta, Sra. de D. Gabino Escribano... En dicho lugar de Bargo, vulgarmente conocido por Selva Negra, hay*

muchos restos de la capilla, abandonados cerca de la fuente que riega unos grandes prados pertenecientes a dicha quinta, y otros restos de la capilla sirven de material en los muros de cierre de aquella (MOAR, J. M^a.: «Art. cit.»).

E da segunda, dicía en 1903 Heraclio Pérez Placer: *Vense a la entrada, las ruinas de un palacio o castillo que aun conserva dos saeteras... a la belleza del sitio y al misterio de su medrosa soledad, dábanle y danle mayor aliciente las ruinas de señorial mansión, llenas de fragmentos de piedras blasonadas y artísticos chapiteles, acerca de los cuales corren entre los campesinos de las cercanías misteriosas leyendas de fantásticas apariciones que le dan no muy buena reputación* (PÉREZ PLACER, H.: *Obr. cit.*, p. 17).

⁵⁴ Arriba tiña unha cruz, actualmente desaparecida. Contaban que foi onde o carboeiro Cotalai atopou un tesouro por indicación de San Francisco de Asís, co que puido construír o convento de Santiago, polo que antano os franciscanos viñan rezar aquí polo seu benfeitor (PÉREZ PLACER, H.: *Obr. cit.* pp. 18, 19). De ser así, estaría relacionada coa capela (agora igrexa parroquial) de San Paio do Monte, en liña recta a uns 600 metros de distancia, da que se afirma que se acha no sitio da casa do carboeiro, ata a que os franciscanos fixeron no século XVII un viacrucis dende o convento (GONZÁLEZ PÉREZ, C.: «Os viacrucis da cidade de Santiago de Compostela», *VIII Congreso galego de cruceiros*, Lugo, 2017, pp. 196 ss.).

⁵⁵ «La flauta encantada», PÉREZ PLACER, H.: *Obr. cit.*, pp. 18-28.

⁵⁶ IGLESIA, A. de la: «*Folk-Lore gallego: os aparecidos. A encantada da fonte Formiga - Selva Negra*. Manuscrito, Real Academia Galega.

Hai quen identifica esta fonte coa da Selva Negra, pero consonte co texto de Antonio de la Iglesia non pode ser: *No monte Pedroso, arriba do Xesto, Selva Negra ou Carme do Monte, hai unha fonte encantada que lle chaman a Fonte Formiga...* Está por arriba da «Granza do Xesto» cara a cima do monte, mentres que a da Selva Negra é pola parte de abaixo da devandita granxa.

⁵⁷ *El Correo de Galicia*, 10-VI-1904.

⁵⁸ *Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, 17-VI-1890.

⁵⁹ «Don Laureano García (...) obtiene el grado á mérito de Licenciado, sus amigos le dan el famoso banquete de la Selva Negra...», do que se tira que era unha tradición celebrar tal festa. Laureano García García (Santiago, 1841 - Ribadesella, 1903), licenciouse o 22 de xuño de 1864, polo que o xantar tivo que ser pouco despois deste día (*Gaceta de Galicia. Diario de Santiago*, 17-X-1903; AHUS: Expedientes, atado 488, exp. 8).

⁶⁰ *El Correo de Galicia*, 5-VI-1903; *Diario de Galicia*, 16-XII-1909.

⁶¹ Non é correcto dicir Brandía (con acento no <i>), xa que non se trata do topónimo onde está agora a factoría senón o de onde empezou a funcionar en 1810, no lugar de Brandia, parroquia e concello de Lousame. Por iso, malia que a empresa se trasladase a Vidán en 1968, continúa mantendo a antiga denominación «Papelera de Brandia». (Sobre a orixe desta empresa, entre outros, GONZÁLEZ PÉREZ, C.: *Concello de Lousame. Patrimonio arqueolóxico, histórico, artístico e arquitectónico*, Concello de Lousame - Editorial Toxosoutos, Noia, 2014, p. 102).

⁶² *El Pueblo Gallego*, 27-XII-1946.

BIBLIOGRAFÍA

(Só a que non se cita nas notas)

ALVARELLOS, H., et al. (2016): *Os últimos carballos do Banquete de Conxo*, Consorcio de Santiago - Alvarellos Editora, Santiago.

CASARES GALLEGO, A. (2008): *As carballeiras de Galicia. Un patrimonio para conservarmos*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

FRAGA, M^a. I. (coord.) (2009): *Guía verde. Santiago de Compostela*, Alvarellos Editora, Santiago de Compostela.

GARCÍA BRAÑA, C. / FERNÁNDEZ CERVIÑO, M^a. X. / ESTÉVEZ FERNÁNDEZ, X. / ALONSO LORENZO, A. (2019): *Bonaival, de onte a hoxe*, Consorcio de Santiago - Teófilo Edicións, Santiago.

MARTÍ ARÍS, C. (coord.) (1995): *Santiago de Compostela. La ciudad histórica como presente*, Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela.

MORENAS AYDILLO, J. (1994): «Introducción histórica», *La Alameda de Santiago de Compostela. Dibujos de sus arquitecturas por los alumnos de la Escuela de artes Aplicadas y Oficios Artísticos «Maestro Mateo»*, Escola de Artes «Maestro Mateo» - Consorcio de Santiago - Concello de Santiago.

RODRÍGUEZ DACAL, C. (2003): *Alamedas, xardíns e parques de Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.